

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA DE LOITA CONTRA O REUMATISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "HUMANIZACIÓN DA DOR. RECUPERANDO A SAÚDE MENTAL"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 30 de Decembro do 2024, coa Asociación Liga Reumatolóxica Galega de loita contra o reumatismo o instrumento convencional arriba referido, vixente desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Liga Reumatolóxica Galega de Loita contra o Reumatismo para o desenvolvemento do programa "Humanización da dor. Recuperando a saúde mental". Este programa ten como obxecto mellorar a calidade de vida das persoas con dor crónica dende unha perspectiva multidisciplinar facilitando a súa adaptación á vida diaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental e do seu servizo de Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, é a responsable da coordinación da rede de servizos e recursos sociosanitarios vencellados ao coidado e a rehabilitación no trastorno mental grave .

O plan de saúde mental de Galicia poscovid-19. Período 2020-2024, no seu eixe 2- "A recuperación como meta", sinala a necesidade de implantar melloras na atención ás persoas con especiais necesidades de apoio en trastorno mental.

As enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas son patoloxías crónicas de alta morbilidade que teñen un alto impacto na saúde mental das persoas que as padecen, sendo os trastornos máis recorrentes a depresión e outros trastornos afectivos, os trastornos de ansiedade e os trastornos adictivos. Ademais, estas persoas presentan altos índices de intentos autolíticos.

Asociación Liga Reumatolóxica Galega de loita contra o Reumatismo ten como finalidade promover e desenvolver, a nivel individual e social, a loita contra as enfermidades reumáticas, tratamento e rehabilitación. É a única entidade destas características en Galicia que conta entre os seus servizos cun programa específico que aborda o diagnóstico e o tratamento dos trastornos psiquiátricos derivados do padecemento de algunha enfermidade reumática, musculoesquelética ou a presenza de dor crónica dende unha perspectiva multidisciplinaria.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

